

BASES PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN, DUN/HA XEFE/A DE BRIGADA, PARA FORMAR PARTE DA BRIGADA DE PROTECCIÓN E DEFENSA DO CONCELLO DE ARZÚA EN MATERIA DE INCENDIOS FORESTAIS.

PRIMEIRA.- OBXECTO E RÉXIME XURÍDICO.

O obxecto das presentes bases é proceder á contratación urxente dun/ha xefe/a de brigada, a xornada completa, mediante o sistema de concurso-oposición, para formar parte da BRIGADA DE PROTECCIÓN E DEFENSA EN MATERIA DE INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE ARZÚA ao amparo do disposto no CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE ARZÚA PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2009-2013.

Esta contratación realizarase na modalidade de "contrato de traballo eventual por circunstancias da produción", ao abeiro da normativa contida no artigo 15 do RDL 1/1995 de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como no Real Decreto 2720/1998, de 18 decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

O proceso selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, ou en aquilo que as contradiga, será de aplicación o establecido nas seguintes disposicións: Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en sucesivas citas EBEP); Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas); Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; Real Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia; Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia; e o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA.- FUNCÍONS DO POSTO.

Son funcións do posto, as seguintes:

1. Ser o responsable dos medios materiais postos á súa disposición.
2. Ser o responsable do adecuado funcionamento do persoal ao seu cargo, de acordo coas instrucións recibidas en cada momento.
3. Manter unha lista do persoal e medios ao seu cargo.
4. Impartir a instrucción e o adestramento ao persoal da súa brigada para a extinción.
5. Dirixir e traballar no tendido de manguera e participar nas labores de prevención e extinción, e en todos aqueles traballos que lle sexan encomendados
6. Coñecemento e práctica das especialidades elementais (mochilas de extinción, retardantes, motoserra, desbrozadora, tendido de mangueras etc...)
7. Utilizar a maquinaria e apeiros de manexo manual propios das tarefas encomendadas de defensa contra incendios.
8. Ser o responsable das comunicacións da súa brigada co operativo e coa organización de prevención e defensa contra incendios forestais, empregando para iso os materiais (emisoras fixas e portáfonos) encomendados.
9. Observar e facer cumprir as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
10. Vixiar o mantemento do vehículo e asegurar o seu estado de operatividade (carburante, auga, no seu caso anticonxelante, presión de pneumáticos, etc...) obrigando ao/á peón conductor a realizar a revisión diaria.
11. Conducir vehículos cando o demanden as necesidades do servizo.
12. Realizar un parte diario dos traballos realizados pola súa brigada.
13. Comunicar ao Centro de Coordinación de Distrito (CCD), ao entrar de servizo, o número de compoñentes operativos da brigada nesa data.
14. Verificar que a estiba do material de extinción no vehículo é axeitada, efectuando un reconto ao rematar cada extinción e solicitando á xefatura de distrito a reposición do deteriorado unha vez rematada a xornada.
15. Constituírse en Director/a de Extinción cando actúe illadamente a brigada ou o binomio brigada-vehículo motobomba.
16. Comunicar periodicamente ao Director/a Técnico de Extinción (DTE), e cando lle sexa solicitado, a situación do lume no seu ámbito de actuación, así como o desenvolvemento dos traballos encomendados.
17. Comunicar coa maior brevidade posible ao Distrito Forestal ou mando intermedio correspondente, unha análise de situación do lume, no caso de que a brigada sexa o primeiro medio operativo en achegarse a un novo lume.
18. Vixiar o estado físico e anímico dos seus homes.
19. Saber ler o plano e localizar o punto de actuación.
20. Facilitar semanalmente á Xefatura, ou ao Centro de Coordinación de Distrito Forestal, relación das intervencións levadas a cabo.
21. Realizar os labores silvícolas e medio ambientais encomendados.
22. Ser o responsable da correcta execución das tarefas asignadas polo Director/a de Extinción no saneamento e remate dos lumes por parte da súa brigada.
23. Executar as queimas prescritas e controladas.
24. Executar as tarefas que se vaian desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención, segundo as necesidades que sexan prioritarias.
25. Executar aquelas outras funcións que estean relacionadas coa prevención, detección e extinción de incendios forestais.

TERCEIRA.- DURACIÓN.

O período de contratación terá unha duración de 3 meses.

CUARTA.- XORNADA DE TRABALLO.

A xornada ordinaria de traballo será de 40 horas semanais, de luns a domingo, incluíndo nela os festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias; respectando os descansos legalmente establecidos.

QUINTA.- RETRIBUCIÓNS SALARIAIS MENSUAIS ÍNTEGRAS.

1.750 euros mensuais, distribuídos nos seguintes conceptos salariais:

- Salario Base: 1.500 euros
- Prorrateo de pagas extraordinarias: 250 euros

SEXTA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- A) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- B) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación forzosa.
- C) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto.
- D) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- E) Non estar incurso en causas de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.
- F) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: enxeñeiro de montes; enxeñeiro técnico forestal; Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.
- G) Estar en posesión do permiso de conducir de clase B.

SÉTIMA.- PUBLICIDADE

As bases desta convocatoria serán difundidas mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Asemade, todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo difundiranse mediante a súa publicación no devandito Taboleiro.

OITAVA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os/as aspirantes deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello as súas solicitudes dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arzúa, no prazo de cinco días a contar dende o seguinte á publicación do Anuncio da Convocatoria no Taboleiro de Anuncios do Concello. Cando as solicitudes se presenten por correo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o remitente deberá de comunicalo por fax (981500914) ou telegrama ao Concello de Arzúa, o mesmo día no que a presente.

A solicitude, que se realizará conforme ao modelo que se achega como Anexo II, deberá ir acompañada por orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

- a) DNI ou tarxeta de identidade correspondente.

b) Titulación esixida conforme ao disposto na base sexta, apartado F).

c) Permiso de conducir de clase B.

d) Certificado médico oficial ou informe sobre o estado de saúde, asinado e selado por un colexiado en exercicio, en que se faga constar que o aspirante non presenta enfermidade ou discapacidade que lle impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico. O certificado ou informe non poderá ter unha antigüidade superior a un (1) mes respecto da data de remate de presentación de solicitudes.

e) Documentación acreditativa dos méritos alegados, no seu caso.

Con posterioridade, dictarase unha resolución que será exposta no Taboleiro de Anuncios, na que se admitirán ós/ás candidatos/as que presentasen a documentación correctamente e se excluírá provisionalmente ós/ás candidatos que non o fixeran, coa indicación da causa de exclusión, concedéndoselles un prazo de tres días para subsanar os erros ou defectos que houbera.

Dita resolución será definitiva de non haber excluídos/as.

No caso de habelos, elaborárase posteriormente unha nova lista cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as e excluídos/as, que será igualmente exposta no Taboleiro de Anuncios.

Na resolución definitiva indícarase o lugar, data e hora de realización da proba de aptitude física á que se refire a base décima, apartado a).

NOVENA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

A Comisión Seleccionadora estará formada polos membros que a continuación se relacionan:

Presidente: Juan Gallego Cruz, axente zonal forestal.

Vogais:

-Luis Fole Barrio, arquitecto técnico do Concello de Arzúa.

-Alfonso Piñeiro, profesor do ciclo de Xestión Forestal e do Medio Natural do IES de Arzúa.

Secretario: Juan Colmenares López-Soldado, secretario do Concello de Arzúa.

A Comisión Seleccionadora non poderá constituírse nin actuar validamente sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, debendo estar presentes, en todo caso, o Presidente e o Secretario.

Asemade, si o estima necesario ou axeitado, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que xulgue oportunos, limitándose os asesores a colaborar co órgano de selección no exercicio das súas especialidades técnicas, actuando con voz pero sen voto.

DÉCIMA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase tendo en conta o necesario cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, mediante o sistema de concurso - oposición.

O procedemento de selección comprenderá o desenvolvemento das seguintes fases:

a) PROBA DE APTITUDE FÍSICA:

Para poder ser contratado como xefe de brigada formando parte da BRIGADA DE PROTECCIÓN E DEFENSA EN MATERIA DE INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE ARZÚA, é requisito imprescindible a superación dunha proba de aptitude física, de carácter eliminatorio (Field test), previa á valoración de méritos de que consta a fase de concurso.

A proba de aptitude física consistirá en camiñar 3.200 metros sobre terreo plano, cun peso de 11 kg. ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos. En función do resultado da proba, os/as aspirantes obterán a cualificación de APTO ou NON APTO.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización da proba provistos/as do DNI (ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo da Comisión Seleccionadora), e dunha mochila individual de 11 kg. de peso. Cada mochila será debidamente pesada con anterioridade ao inicio da realización da proba, e o seu peso poderá ser corrixido no seu exceso ou defecto pola Comisión Seleccionadora, seguindo os requirimentos da proba. A negativa por parte do aspirante a aceptar a corrección no peso da mochila por parte da Comisión, determinará a exclusión do mesmo, e en consecuencia a súa cualificación será un NON APTO.

Será obrigatorio acudir á proba con zapatillas de deporte e roupa cómoda que facilite a transpiración.

Non estará permitido correr durante a súa realización. O aspirante que corra durante a súa realización, recibirá un único aviso por parte da Comisión. Si despois do aviso o aspirante continúa a correr será expulsado da proba, e en consecuencia a súa cualificación será un NON APTO.

Recoméndase non fumar nin comer antes da proba así como levar líquidos para hidratarse antes, durante e despois da súa realización.

Ao remate da proba entregarase a cada un dos participantes un documento xustificativo de asistencia cos parámetros individuais obtidos na mesma, indicando a cualificación de APTO ou NON APTO. Só os que superen a proba física obtendo a cualificación de APTO, poderán continuar participando no procedemento de selección.

Dos resultados da proba de aptitude física deixarase constancia nun acta que será publicada no Taboleiro de Anuncios, concretando o lugar, día e hora para a realización da valoración de méritos, respecto dos/as aspirantes que continúen no procedemento de selección.

b) FASE DE CONCURSO:

Na fase de concurso, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, a Comisión Seleccionadora procederá á valoración dos méritos dos/as aspirantes de acordo co seguinte baremo:

b.1.- Por experiencia profesional: ata 1,5 puntos.

b.1.1. por cada mes completo (ou fracción superior a 20 días) de servizos prestados na Administración Local na mesma categoría e especialidade solicitada: 0,15 puntos.

b.1.2. por cada mes completo (ou fracción superior a 20 días) de servizos prestados noutras administracións públicas ou empresas públicas na mesma categoría e especialidade solicitada: 0,10 puntos.

b.1.3. por cada mes completo (ou fracción superior a 20 días) de servizos prestados na Administración Local como coordinador técnico grumir/ capataz grumir/peón grumir/: 0,05 puntos.

A acreditación dos servizos prestados poderá efectuarse mediante certificación expedida pola entidade na que se prestaron os servizos, indicando a duración total ou os períodos de duración dos servizos prestados; e/ou mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo xunto co informe de vida laboral.

b.2.- Por coñecemento do medio: 0,50 puntos.

Valorarase con 0,50 puntos o coñecemento polo/a candidato/a do territorio do Concello de Arzúa, tendo en conta que o ámbito principal de actuación da brigada será o municipal.

A acreditación do coñecemento do medio realizarase mediante o correspondente certificado de empadramento.

b.3.- Por formación complementaria: ata 1 punto.

Valorase a realización de cursos de formación que teñan relación coas funcións propias do posto, relacionadas na base segunda:

- Ata 10 horas de duración: 0,10 puntos.
- De 11 a 25 horas de duración: 0,25 puntos.
- De 26 a 50 horas de duración: 0,50 puntos.
- De 51 a 75 horas de duración: 0,75 puntos.
- De 76 a 100 ou mais horas de duración: 1 punto.

A formación acreditarase mediante orixinal ou copia compulsada da certificación da entidade que impartiu o curso ou do documento oficial acreditativo da súa realización.

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos. En caso contrario, entenderase que teñen ata 10 horas de duración e serán valorados con 0,10 puntos cada un deles.

A puntuación total máxima na fase de concurso de méritos será de 3 puntos, e publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello indicando o lugar, data e hora prevista para a realización do exercicio da fase de oposición.

c) FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición consistirá na realización dun exame tipo test, que terá carácter obrigatorio e eliminatorio, en que haberá que responder a un cuestionario de 20 preguntas sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo da Comisión Seleccionadora.

Cada pregunta formularase con tres respostas alternativas, das que solo unha será correcta.

O exercicio realizarase a porta cerrada coa única presenza dos/as opositores/as, os membros da Comisión Seleccionadora e as persoas colaboradoras que este último designe, no seu caso.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos.

Cada resposta correcta valorarase con 1 punto. Cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos. As respostas en branco non puntuarán.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 10 puntos.

As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a corrección dos test.

A puntuación final dos/as aspirantes virá determinada pola suma da puntuación obtida por cada un deles na valoración de méritos e no exame tipo test, e publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello aos efectos da súa notificación colectiva.

En caso de empate na puntuación final, resolverase o mesmo en favor do/a aspirante que obtivese maior puntuación na fase de oposición. Si persistise o empate, resolverase por orde alfabética, segundo a primeira letra do primeiro apelido.

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación ao/á aspirante que encabece a relación do proceso selectivo, sen que poidan ser propostos mais aspirantes que os correspondentes ao posto de traballo que se pretende contratar; e sen prexuízo de trasladar a proposta de contratación en favor do seguinte (ou seguintes no seu caso) aspirantes, pola orde de puntuación, para o suposto de que o primeiro aspirante seleccionado non puidera acreditar os requisitos necesarios para ser contratado, ou renunciase a tal contratación.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante as probas ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

DECIMOPRIMEIRA.- INCIDENCIAS

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e para adoptar os acordos necesarios para o correcto desenvolvemento deste proceso de selección en todo o non previsto nas presentes Bases.

DECIMOSEGUNDA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Previamente á sinatura do correspondente contrato, o candidato seleccionado deberá someterse a un recoñecemento médico para garantir que a súa condición de saúde é óptima en relación co traballo a realizar.

En caso de que o candidato seleccionado non consentira na realización do recoñecemento médico ou non superara o mesmo, o Sr. Alcalde queda facultado para convocar ao seguinte ou seguintes aspirantes para a súa realización segundo a orde de puntuación en que quedasen cualificados.

O candidato seleccionado que supere o recoñecemento médico deberá achegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de 3 días contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de Anuncios, a seguinte documentación:

1.- Declaración expresa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

2.- Declaración expresa de no estar incurso en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

3.- Compromiso de realización do curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais, conforme o disposto na base decimoterceira.

DECIMOTERCEIRA.- CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO DE FORMACIÓN.

O xefe de brigada que resulte contratado deberá realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais, cun mínimo de 16 horas de duración, que será impartido por persoal competente na materia.

O programa de formación incluirá, alomenos, os seguintes contidos:

1. A defensa contra os incendios forestais en Galicia: 1 hora
2. Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume: 1 hora
3. Ferramentas: 1 hora
4. Extinción e liquidación: 1,5 horas
5. Condución de vehículos todoterreo: 0,5 horas
6. Primeiros auxilios: 2 horas
7. Traballo co vehículo motobomba: 2,5 horas
8. Liñas de defensa e ferramentas: 2,5 horas
9. EPI e comunicacións: 1 hora
10. Seguridade e saúde e Partes: 1 hora
11. Medios aéreos. Embarque e desembarque. Posición de seguridade en descargas: 1 hora

Este curso será obrigatorio para todos os compoñentes da brigada, aínda que xa o recibisen en anos anteriores, co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal.

DECIMOCUARTA.- RECURSOS.

As presentes bases como todos os actos derivados do procedemento de selección poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ANEXO I: Temario

Tema 1.- Os incendios forestais. Factores que interveñen nos incendios e na súa propagación. Distritos forestais de Galicia

Tema 2.- Prevención contra os incendios. Accións de prevención. Ferramentas.

Tema 3.- Accións básicas de extinción. Ataque directo e indirecto. Máquinas e ferramentas de extinción.

Tema 4.- Efectos ecolóxicos dos incendios forestais.

Tema 5. Seguridade personal. Prevención de accidentes. EPIs.

ANEXO II: Modelo de solicitude

D/Dona _____ con DNI nº _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____ con nº de teléfono _____/_____ e correo electrónico _____

declaro coñecer e aceptar as bases publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello para participar no proceso de selección para a contratación laboral temporal, a tempo completo, mediante o sistema de concurso-oposición, dun/ha xefe/a de brigada, para formar parte da BRIGADA DE PROTECCIÓN E DEFENSA EN MATERIA DE INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE ARZÚA.

Baixo xuramento/promesa declaro cumprir todos e cada un dos requisitos imprescindibles para participar neste procedemento selectivo, comprometéndome a xustificalos se resultado/a seleccionado/a ao remate do proceso de selección.

Asemade, presto consentimento para realizar a proba de aptitude física á que se refire a base décima, apartado a), en caso de non presentar enfermidade ou discapacidade que me impida o correcto desenvolvemento da mesma.

Por todo isto SOLICITO tomar parte neste proceso de selección acompañando á presente solicitude orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- a) DNI ou tarxeta de identidade correspondente.
- b) Titulación esixida conforme ao disposto na base sexta, apartado F).
- c) Permiso de conducir de clase B.
- d) Certificado médico oficial ou informe sobre o estado de saúde, asinado e selado por un colexiado en exercicio, en que se faga constar que o aspirante non presenta enfermidade ou discapacidade que lle impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico. O certificado ou informe non poderá ter unha antigüidade superior a un (1) mes respecto da data de remate de presentación de solicitudes.
- e) Documentación acreditativa dos méritos alegados, no seu caso.

En Arzúa, a _____ de _____ de 20__

Asdo. _____

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

